



EL CUELLO DE LA JIRAFÁ

Compañía: Matarile · Dirección e creación: Ana Vallés · Intérpretes e textos: Óscar Codesido, Mónica García, Enrique Gavilán, Baltasar Patiño, María Roja, Ana Vallés. Espazo escénico, iluminación e colage musical: Baltasar Patiño.

Teatro de proximidade

[Inma López Silva]

Matarile é unha desas compañías que logrou facerse cun espazo de culto entre os espectadores dun certo tipo de teatro, o chamado posdrama, e converterse en mestra na elaboración desas postas en escena que logran suxerir máis do que din e que revolven por dentro a quen as mira obrigándoo a sentir o teatro doutra maneira. Ana Vallés é, nese sentido, unha digna herdeira daqueles cuxa influencia ela mesma ten recoñecido (T. Kantor, nomeadamente) e, no noso contexto, emparenta de preto con La Zaranda. Pero o que máis interesa da arte de Matarile non é de quen é herdeira, senón en quen inflúe. Matarile logrou unha desas cousas difíciles que é ter capacidade para marcar modelos desde os que repropor a teatralidade neste lugar pequeniño, mudábel e precario que é Galicia. Quizais porque Vallés deu cunha fórmula de calidade que, malia repetir a miúdo o propio modelo (porque funciona), ofrece unha riqueza sensorial e temática que enriquece fondamente o panorama teatral galego. E iso a pesar do que quizais é unha querencia desta crítica que xamais compartirán algúns artistas: a fuxida da importancia da lingua como elemento definitorio da nosa teatralidade. O certo é que Matarile demostra a posibilidade dun teatro galego que non se di en galego, se cadra porque a palabra é un discurso

El Cuello de la Jirafa



accesorio ante unha posta en escena que se expresa ben, e de xeito potente, a través doutros medios.

Con *El cuello de la jirafa*, Matarile continúa cunha liña encetada con *Staying alive* e continuada de forma maxistrada en *Teatro invisible*, na que deu un paso adiante na súa propia poética, fixando elementos básicos (a importancia expresiva dos corpos, a introdución dunha filosofía *sui generis* pero non exenta de fondura intelectual e, por suposto, o traballo esencial co espazo) e transitando experiencias que lle deron aire á propia compañía. Nesta ocasión, Ana Vallés afonda no paso do tempo (e da nosa permanencia en sociedade) e como este inflúe na beleza, nas aparencias, na creatividade. Para iso, exalta os corpos de María Roja e Mónica García, converte a Óscar Codesido nunha corista que permanentemente corre perigo de perder a súa beleza, trae a escena ao escenógrafo, sitúase a si mesma como demiúrqa dun todo estético que se sabe efémero e, sobre todo, coloca en escena ao grande achado do espectáculo, Gavilán, ese vello profesor que quere ser tal e que nos transporta a eses temas dos que xa non se fala pero dos que cómpre falar.

O lirismo e un ritmo perfectamente medido son, como adoita acontecer nas producións de Matarile, a base desde a que se atrae a atención do espectador e desde a que se vai construíndo unha proximidade na que insiste o espazo (os espectadores rodean a escena sentados a unha mesa, a modo de voda antiga) e que se amosa como vocación fundamental das últimas producións de Matarile: se o teatro é efémero, hai que aproveitalo coma se se tratase dun segredo, próximo e íntimo, esteticamente único.